

XULLO
2026



EXCURSIÓN DE CATEQUESE AO PARQUE ACUÁTICO DE CERCEDA



VAI SER O
MARTES 14 DE XULLO.

HAI QUE ENTREGAR
A FOLLA DE ASISTENCIA XA.
Non o deixedes
para última hora.

A CATEQUESE : UN CAMIÑO Á VIDA E Á FE

Hoxe queremos agradecer e valorar os esforzos das catequistas, e dos nenos e nenas, non só polo que foron capaces de aprender, senón sobre todo, polas actitudes coas que quixeron compartir. "Valeu a pena".




Cáritas
Diocesana de Tui-Vigo
Interparroquial d'os Cotos

ATENCIÓN DE CÁRITAS

Dende cáritas de Os Cotos, se podemos,
axudamos a quen nos pida unha man.

Estamos no local da casa reitoral de Fornelos
o xoves día 9 e 23 de xuño de dez a doce da mañá.



245 Folla
informativa para
a comunidade
 cristiá

"Un contiño para vivir"**O corazón máis fermoso**

Un bo día, un mozo novo proclamou a berros que el posuía o corazón máis fermoso de toda a comarca. Unha gran multitude congregouse ao seu arredor, e todos admiraron e confirmaron que o seu corazón era perfecto.

De súpeto, un ancián achegouse e dixo:

– Por que dis iso, se o teu corazón non é, en realidade, tan fermoso como o meu?.

Sorprendidos, a multitude e o mozo miraron o corazón do vello e viron que estaba cuberto de cicatrices, mesmo había anacos que foran substituídos por outros que non encaixaban perfectamente. É máis, ata faltaban grandes anacos. A xente e o mozo sentiuse abraiada. Como pode dicir que o seu corazón é máis fermoso?, pensaron.

É certo, dixo o ancián, pero, cada cicatriz representa unha persoa á cal entreguei todo o meu amor. Arrinquei anacos do meu corazón para entregarllos a cada un daqueles que ameí. Moitos, á súa vez, obsequiáronme un anaco do seu, que coloquei no lugar que quedou aberto. Como as pezas non eran iguais non encaixaron exactas, pero non me importa. Houbo veces nas que entreguei un anaco do meu corazón a alguén, pero esa persoa non me ofreceu un pouco do seu a cambio. De aí os ocos. Dar amor é arriscar; pero, a pesar da dor que esas feridas me producen ao quedar abertas, lémbrenme que sigo amando e alimentan a esperanza de que algún día, talvez, regresen e enchan o baleiro que deixaron no meu corazón.

O mozo, en silencio, con bágoas, achegouse ao ancián, arrincou un anaco do seu fermoso e novo corazón e ofreceullo. O ancián recibíuno e colocouno no seu corazón; logo, á súa vez, arrincou un anaco do seu xa vello e maltreito, e tapou a ferida aberta do mozo.

O mozo mirou que o seu corazón xa non era perfecto, pero lucía moito máis fermoso que antes, porque o amor do ancián latexaba no seu interior.

Atopa o que ela está pensando

significa “alto, montañoso, iluminado”.

É un dos nomes preferidos entre os árabes na forma Haroun, Harun, xa que así se chamaba o fabuloso califa das Mil e unha noites. Arón era o irmán maior de Moisés, a quen substituíu ao fronte do pobo xudeo cando Moisés subiu ao Monte Sinaí para recoller as táboas da lei. Guiou ao pobo cara a Terra Prometida pero morreu antes de chegar a ela.

CONSELLO



O SANTO PARA XULLO o día 1 ARÓN

Este nome é de orixe hebrea e significa “arca”. Tamén pode ser de orixe exipcia e

*“Con boas palabras
pódese negociar,
pero para engrandecerse
requírense boas obras”*
Lao-Tsé (570 ac-490 ac)
Filósofo chino

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



6 de xullo Día mundial do desenvolvemento rural



As nacións unidas acaban de recoñecer oficialmente o 6 de xullo como día Mundial do Desenvolvemento Rural, unha oportunidade para escoitar atentamente a quen vive e traballa en zonas rurais.

Case a metade da humanidade vive en zonas rurais. E aí, catro de cada cinco persoas viven por debaixo do umbral da pobreza.

Estas rexións, a miúdo invisibles para a política e o mercado, producen o 80 % dos alimentos do mundo. Sen elas, non hai nin comida suficiente para todos nin un futuro sostible.

Tomouse a decisión en xuño de 2025 na Asemblea Xeral da ONU. Foi promovida por varios países, incluíndo Perú, Ghana e a India, cunha mensaxe clara: non se pode deixar a ninguén atrás, para acadar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible para 2030.



A demanda deste día é antiga: acceso á terra, traballo decente, saúde, educación e conectividade.

Aínda a metade da poboación rural carece de seguro médico e menos do 50 por cento ten acceso a internet, en comparación co 83 por cento das cidades.

"O traballo non só labra a terra, senón que tamén sementa esperanza e colleita o futuro das nosas comunidades."

LEÓN XIV: Algunhas das súas palabra en España

"Os erros da vida non definen a identidade dunha persoa. A dignidade humana é incondicional".

"O matrimonio tamén é unha vocación. Non teñas medo do matrimonio e de formar unha familia".

"O Señor invítanos a mirar aos ollos a quen sofre e a facer da axuda, sobre todo, un encontro de irmáns unidos no único abrazo do Pai".

"A tecnoloxía pode curar, conectar, educar, coidar o noso fogar común; pero tamén pode dividir, descartar e xerar novas inxustizas".

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE XULLO

OS COTOS	DÍA 5	LECTURA	Zac 9, 9-10	El anunciará PAZ a todos os pobos
		EVANXEO	Mt 11, 25-30	Achegádevos a min os que estades cansos
	DÍA 12	LECTURA	Is 55, 10-11	A miña Palabra é semente de vida na terra
		EVANXEO	Mt 13, 1-23	O Señor sementa a súa Palabra en nós
	DÍA 19	LECTURA	Rm 8, 26-27	Deus mira o corazón e os seus froitos
		EVANXEO	Mt 13, 24-30	A boa semente coñécese polos froitos
	DÍA 26	LECTURA	Rm 8, 28-30	Deus escolleunos para ser exemplo de Cristo
		EVANXEO	Mt 13, 44-52	Deixalo todo para quedarse co imprescindible